



O **CIRCUITO GALICIA HEAD TOUR** organizado pola Federación Galega de Tenis, disputarase nas categorías alevín, infantil, cadete e júnior masculino e feminino, xogándose en cada categoría:

- **1 Campionato Galego.**
- **3 Torneos Open Head.**
- **2 Torneos Open Satélites.**
- **Máster Head.**

FORMATO DOS CAMPIONATOS - TORNEOS

Nos **CAMPIONATOS GALEGOS** xogarase co formato de fase final + fase previa, tendo en conta a clasificación nacional.

Nos **TORNEOS OPEN HEAD** estableceranse divisións en función do número de xogadores e xogadoras inscritas en cada torneo. O criterio de acceso a cada división será a clasificación nacional.

Establécese un regulamento onde o sistema de entradas é o seguinte:

Xog. Inscritos	Primeira	Segunda	Terceira	Campionatos Galegos
1-12	12			32
13 a 16	16			
17-24	Máx. 16	8		
25-32	16	Máx. 16		
33-40	16	Máx. 16	8	
41 ou máis	16	16	Aberta	
Previa	-	-	-	Aberta
Accesos de previa	-	-	-	8

Nos **TORNEOS OPEN SATÉLITES** será a propia organización a que decida o formato do torneo (divisións ou fase final/previa)

CABEZAS DE SERIE

Cadro Final	4 a 5	6 a 23	24 a 32
Número de cabezas de serie	2	4	8

- Os criterio para establecer os cabezas de serie será a clasificación nacional.
- Nos Campionatos Galegos alevín e infantil os cabezas de serie poderán ser designados pola FGTenis.

SISTEMA DE PUNTUACIÓN

1. Campionatos Galegos:
 1. Cadros Principais invididuais Alevín e Infantil: 2 sets + match tiebreak a 10 puntos.
 2. Cadros Principais invididuais Cadete e Junior: Fase previa 2 sets + match tiebreak a 10 puntos e fase final ao mellor de 3 tiebreak sets.
 3. Cadros de parellas masc./fem./mixtas: 2 sets + súper tie-break con “no ad”.
2. Torneos OPEN HEAD:
 1. 2 sets + súper tie-break
 2. Nas segundas e terceiras divisións poderase utilizar o sistema de sets cortos se a organización o estima oportuno.
3. Torneos OPEN SATÉLITES:
 - La organización del torneo poderá establecer o sistema de puntuación que mellor considere.

SISTEMA DE CLASIFICACIÓN – RANKING CIRCUITO

1. Os xogadores participantes nos Campionatos Galegos e Open Head obterán puntos do circuío, segundo a táboa:

Rolda	División 1ª	División 2ª	División 3ª	Campionatos Galegos
Campión	50	20	12	80
Finalista	40	15	10	70
Semifinalistas	30	10	8	50
Cuarto finalistas	20	8	5	35
Oitavos	15	6	3	25
Dezaseisavos	-	-		20
Previa Final				15
Previa SF				10
Previa CF				5

- A xogadora/or que perda na primeira rolda, obterá 10 puntos na primeira división, 4 puntos na segunda división e 2 puntos na terceira división (independentemente da rolda que sexa, este xogador so sumará estes puntos). A xogadora/or que non se presente a xogar un partido en primeira rolda, non obterá ningún punto.
2. Os xogadores que participen nos Open Satélite puntuarán na fase final ou primeira división cos puntos correspondentes a 1ª División dos Open Head multiplicada por un factor de corrección (x0,6). Na fase previa ou noutras divisións, non recibirán puntos, pero si que contabilizará a proba de cara ao Máster Head.

NORMATIVA

1. Para poder participar no Galicia Head Tour é necesario ter licencia federativa en vigor pola RFET no ano en que se celebren as probas.
2. As xogadoras/es que non teñan licenza da Federación Galega, poderán disputar todas as probas do circuíto, agás os campionatos galegos alevín, infantil, cadete e júnior.
3. Xogadores non pertencentes ao espazo Schengen deben acreditar licencia federativa e residencia en Galicia nun período de 2 anos para menores de 14 anos e de 3 anos para xogadores de 15 a 18 anos para poder participar nos campionatos galegos alevín, infantil, cadete e júnior.
4. O acceso aos cadros de cada división será segundo o ranking nacional vixente ao peche da inscrición.
5. O xogador que quede campión dunha categoría, terá unha praza directa para xogar na categoría superior no seguinte torneo. Para poder acceder a esta praza, terá que solicitalo por escrito nas observacións no momento da inscrición. No caso de non solicitalo, ocupará a praza que lle corresponda segundo a clasificación nacional.
6. A FGTenis resérvase 2 prazas de WC para cada división, que poderá utilizar se o considera oportuno.
7. Nos Torneos Head, as/os xogadoras/es poderán inscribirse en dúas categorías. Nas probas en que se disputen campionatos galegos, os xogadores poderán inscribirse como máximo en 3 categorías/modalidades (como mínimo unha delas debe ser de dobres masc./fem. ou mixtos)
8. As xogadoras/es que na mesma semana sexan convocados para representar a Federación Galega de Tenis, deberán recibir autorización por parte da FGTenis para participar na proba do circuíto.
9. Tódolos partidos deben xogarse no club organizador, salvo que o xuíz árbitro considere necesario desprazar algún partido a outro club para garantir o bo desenvolvemento do torneo.
10. Se un xogador non pode disputar un partido, deberá enviar notificación por escrito ao xuíz árbitro (whatsapp ou e-mail) coa suficiente antelación para avisar ao rival e evitarlle o desprazamento ao club. Posteriormente deberá xustificar a ausencia cun certificado médico ou cubrir o formulario de solicitude de xustificación de incomparecencia neste enlace: <https://forms.gle/8jngMTDfyVdF5Qa38>
11. A Federación Galega de Tenis resérvase o dereito de facer algunha modificación no regulamento de competición se así o estima oportuno.

PENALIZACIÓNS

1. O xogador ou xogadora que non se presente a un partido e que non avise da súa incomparecencia coa antelación suficiente para avisar ao seu rival, non recibirá puntos Head (aínda que o W.O. sexa considerado como xustificado). Se sucede dúas veces, quedará excluído do circuíto esa temporada.
2. Un xogador ou xogadora que non se presente a disputar o seu partido sen causa xustificada (W.O.) non obterá puntos do circuíto, e esa proba non contabilizará para a participación no Máster Head.
3. Un xogador ou xogadora que sexa descualificada nunha categoría quedará tamén excluída/o de tódalas categorías/modalidades nas que participe nese torneo, ademais, non terá dereito a recibir puntos do circuíto por ese torneo e non se lle contabilizará a participación no torneo de cara ao Máster Head.
4. Un xogador ou xogadora que non se presente a entrega de trofeos sen causa xustificada non obterá puntos Head e perderá o dereito a recibir o premio/regalo que lle puidera corresponder.
5. Infraccións ao código de conducta: No caso de que un xogador sexa apercibido cun Warning, terá a sanción de 5 puntos Head nesa proba. Esta sanción será acumulativa por cada apercibimento que reciba.
6. Estas penalizacións non exclúen doutras posibles sancións que poidan aplicar os órganos sancionadores competentes.

ARBITRAXE

1. Arbitrarase con xuíz de cadeira as finais das primeiras divisións do circuíto. O resto dos partidos serán supervisados por un xuíz titulado designado polo CGAT.

MÁSTER HEAD

- Ao longo do circuíto, os xogadores conseguirán puntos nas 6 probas do mesmo, seguindo o establecido no sistema de clasificación – ranking do circuíto do presente regulamento.
- Á finalización das 6 probas do circuíto, as 8 xogadoras/es mellor clasificadas no RANKING HEAD de cada categoría, terán a opción de disputar o MASTER do GALICIA HEAD TOUR onde se repartirá material deportivo entre os participantes (tendo en conta os criterios de acceso).
- Criterios de acceso ao Máster Head:
 1. Se deben xogar como mínimo 3 probas do circuíto.
 2. De estas 3 probas, só contabilizará a participación dun Torneo Open Satélite.
 3. Terán prioridade os xogadores que houberan participado nun mínimo de 3 probas na primeira división ou fase final.
- Ao finalizar as probas do circuíto, publicárase a listaxe de clasificados (e suplentes). Para disputar o master, é necesario inscribirse, no caso de non facelo, o posto será ocupado polo 1º suplente confirmado e así sucesivamente ata completar as 8 xogadoras/es.
- No caso de non cubrirse as prazas, a FGT resérvase WC para ocupar as vacantes.
- O formato do Máster será establecido nas bases do propio torneo.

PREMIOS

1. Os xogadores recibirán os seguintes premios:
 - a. Campión/a do Máster en todas as categorías:
 - 400 € en material deportivo.
 - b. Finalistas do Máster en todas as categorías:
 - 275€ en material deportivo.
 - c. Semifinalistas do Máster en todas as categorías:
 - 150€ en material deportivo.
2. O reparto de premios e regalos total ao longo do circuíto será de 12.600€ en material deportivo.
3. É obrigatorio asistir as entregas de premios para poder recibir os trofeos e regalos.

INFORMACIÓN PROBAS

1. Toda a información da competición (Bases, inscrición, orde de xogo, cadros, etc.) estará publicada na páxina web da Federación Galega de Tennis www.fgtenis.net.

CONTACTO:

Coordinador: Carlos Coira

Email: torneos@fgtenis.net

Tlfno.: 667688432 (whatsapp)